

PROGRAMA DE CAPTACIÓN E ESTABILIZACIÓN DE PROFESORADO NO CURSO ACADÉMICO 2018/19

Aprobado no Consello de Goberno do 29 de outubro de 2018

Como parte esencial da política de profesorado da UDC resulta necesario conformar a medio prazo un cadro de persoal docente e investigador que permita responder adecuadamente aos retos académicos e investigadores da Universidade para o futuro.

Con este obxectivo débese conxugar accións e programas que permitan a dotación de profesorado para cubrir necesidades docentes, centrado na estabilización e a promoción do profesorado xa existente, permitindo a necesaria progresión da súa carreira académica, con programas que posibiliten a dotación de prazas para novo persoal docente e investigador en liñas estratéxicas relacionadas cos campus e áreas de especialización da UDC.

Este programa preséntase no marco do disposto pola Disposición adicional cuarta do Regulamento polo que se establecen os criterios para o desenvolvemento das Ofertas de Emprego Público (OEP) de Persoal Docente e Investigador da Universidade da Coruña, aprobado por acordo do Consello de Goberno do 27/04/2017 e modificado por acordo do 28/02/2018, na que se inclúe un programa específico para a captación, estabilización e/ou promoción daquelas persoas que obtivesen axudas en programas de alto nivel competitivo, para o que se propón unha reserva de ata o 10% das prazas da correspondente OEP.

Os primeiros programas de alto nivel competitivo que deben terse en conta para a estabilización e/ou promoción de profesorado inclúen, ademais dos definidos no ámbito europeo de Ciencia Excelente, os compromisos adquiridos pola Universidade da Coruña cos/coas adxudicatarios/as de axudas do seu programa InTalent, convocado por primeira vez no ano 2016, e da convocatoria do programa Beatriz Galindo a partir do ano 2018.

Mentres o número de persoas destinatarias deste programa específico sexa inferior á reserva proposta, poderán convocarse prazas de Profesor/a Contratado/a Doutor/a para permitir a captación de novo profesorado e a promoción do profesorado vinculado á UDC acreditado a Titular de Universidade. Esta primeira convocatoria, correspondente ao curso académico 2018/2019, compromete prazas da OEP do ano 2019, polo que en ningún caso poderá executarse efectivamente antes da aprobación da mencionada OEP, agás no caso de creación de prazas de Axudante Doutor/a.

Dado que coa información dispoñible a finais de xuño de 2018, o número de prazas prevista na OEP do ano 2019, tendo en conta o marco normativo en vigor, superaría as 50 prazas, propónse un máximo de 2 prazas para a captación de novo profesorado, e unha convocatoria con 3 prazas de Profesor/a Contratado/a Doutor/a para a promoción mediante concurso do Profesorado acreditado a Titular de Universidade.



A) CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO PARA A PROMOCIÓN MEDIANTE CONCURSO DO PROFESORADO ACREDITADO A TITULAR DE UNIVERSIDADE EN PROFESORES/AS CONTRATADOS/AS DOUTORES/AS NO CURSO ACADÉMICO 2018/19

O procedemento para a elaboración do POD 2018/19, aprobado en Consello de Goberno do 26 de abril de 2018, establece no seu punto 1.1.5 que se propondrá un novo programa para permitir a promoción mediante concurso do profesorado acreditado a Titular de Universidade en Profesores/as Contratados/as Doutores/as.

Co fin de levar a cabo a selección de áreas de coñecemento para este programa, establécense as seguintes normas:

1. Poderán solicitar unha praza os/as Profesores/as Axudantes Doutores/as, Profesores/as Contratados/as Interinos/as de Substitución (CIS) e Profesores/as Asociados/as da UDC que contén cunha acreditación a Titular de Universidade.
2. Adxudicarase só unha praza de Profesor/a Contratado/a Doutor/a por área de coñecemento.
3. Poderán transformarse **3 prazas** de Profesores/as Axudantes Doutores/as, CIS ou Asociados/as. No caso de que o número de solicitudes sexa superior ao de prazas, estas ordenaranse segundo os seguintes criterios por orde de prelación:
 - a. A primeira orde establecerase tendo en conta a data da resolución que consta no Certificado de Acreditación Nacional do Consello de Universidades que é o mesmo que o da data de reunión da Comisión de Acreditación correspondente segundo a rama de coñecemento. Nas acreditacións emitidas trala entrada en vigor do Real Decreto 415/2015, terase en conta a data da resolución da Comisión de Acreditación. Terán prioridade as persoas candidatas que teñan unha acreditación máis antiga.
 - b. No caso de empate na data de acreditación, terán prioridade as persoas candidatas que contén con maior antigüidade como Persoal Docente na Universidade da Coruña.

Para establecer a antigüidade na UDC sumaranse todos os períodos no que o/a docente tivese vinculación funcional, administrativa ou laboral coa UDC dentro das figuras docentes (tanto dos corpos docentes universitarios como das categorías de persoal docente laboral ou administrativo) establecidas nas leis que veñen regulando a Universidade española, e que así estean recoñecidas no seu expediente persoal que consta no Servizo de PDI. Inclúese a antigüidade como persoal docente recoñecida en aplicación do Decreto 3/1990, do 11 de xaneiro de segregación de centros e servizos da Universidade de Santiago de Compostela con todos os seus medios materiais e humanos e da súa integración nas novas Universidades da Coruña e Vigo (DOG do 24/01/1990), do Decreto 444/2003, do 18 de decembro, de traspaso do Instituto Nacional de Educación Física de Galicia (INEFG) á Universidade da Coruña (DOG 24/12/2003) e a antigüidade recoñecida no seu expediente persoal nos programas de formación postdoutoral. Non se incluírán os períodos que poidan existir en calquera figura de persoal



investigador en formación.

O resultado da antigüidade expresarase en anos, meses e días en relación a data de finalización de presentación de solicitudes. No caso de empate terá prioridade o primeiro en acceder a un dos corpos ou categorías.

4. Estas transformacións en ningún caso poderán utilizarse polos departamentos para xustificar a contratación de novo profesorado.

NOTAS ACLARATORIAS:

1. Ao profesorado Axudante Doutor que participe neste programa e que, en aplicación do Acordo do Consello de Goberno do 28/05/2015 polo que se establece a promoción do profesorado axudante doutor, a súa promoción quede incluída na OEP do ano 2019, aplicaráselle prioritariamente o dereito recoñecido no antedito acordo do 28/05/2015 e polo tanto decaerá no seu dereito a promoción a través deste programa. De darse esta situación, procederase a promoción nas áreas que figuren como suplentes na resolución deste programa.

2. O profesorado Axudante Doutor que acade unha das prazas deste programa decaerá no seu dereito a que se lle convoque unha praza de promoción en aplicación do Acordo do Consello de Goberno do 28/05/2015 polo que se establece a promoción do profesorado axudante doutor.



B) CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE ÁREAS DE COÑECEMENTO PARA A CAPTACIÓN MEDIANTE CONCURSO DE NOVO PROFESORADO ACREDITADO A PROFESOR/A CONTRATADO/A DOUTOR/A OU AXUDANTE DOUTOR/A NO CURSO ACADÉMICO 2018/19

A UDC dentro deste Plan de captación de talento, identificará as áreas de coñecemento con necesidades estratéxicas en materia de docencia e investigación como paso previo á creación de prazas de Profesor/a Contratado/a Doutor/a ou Axudante Doutor/a que permitan incorporar novo persoal docente e investigador con unha sólida traxectoria docente e investigadora e demostrada capacidade de liderado, para a potenciación e consolidación da investigación científica e a docencia universitaria de excelencia. Para iso debe terse en conta en primeiro lugar a participación en programas específicos de captación de talento de alto nivel competitivo tanto no ámbito estatal como europeo de Ciencia Excelente, agás o programa Ramón y Cajal que xa dispón do seu propio programa de retención é estabilización, así como os compromisos adquiridos pola Universidade da Coruña cos/coas adxudicatarios/as de axudas do seu programa InTalent.

Co fin de levar a cabo a selección de áreas de coñecemento para este programa, establécense as seguintes normas:

1. Poderán solicitar nesta convocatoria unha praza de Axudante Doutor/a ou Profesor/a Contratado/a Doutor/a, de acordo coa acreditación do/a solicitante, os/as investigadores/as cunha vinculación temporal coa UDC non consolidable, tanto na actualidade como no pasado, en calquera dos seus grupos de investigación e que acrediten ter desenvolvido completamente algún dos seguintes programas co correspondente informe individual de avaliación favorable:
 1. Investigador/a dun programa de Ciencia Excelente da Unión Europea
 2. Investigador/a do programa InTalent
 3. Investigador/a do programa Beatriz Galindo
 4. Investigador/a do programa Marie Curie
 5. Investigador/a do programa Juan de la Cierva
 6. Coordinador/a ou IP de proxecto ou rede financiado dentro dos programas marco da Unión Europea
 7. Investigador/a dun programa postdoutoral
2. Adxudicarase só unha praza de Profesor/a Contratado/a Doutor/a ou Axudante Doutor/a por área de coñecemento.
3. Poderán solicitarse como máximo **2 prazas** de Profesor/a Contratado/a Doutor/a ou Axudante Doutor/a. No caso de que o número de solicitudes sexa superior ao de prazas, unha Comisión constituída por membros da Comisión de Organización Académica e Profesorado e da Comisión de Investigación, delegadas do Consello de Goberno; polos/as directores/as dos Campus de Especialización da UDC e por un/ha representante do Comité de Empresa do PDI, este/a último/a con voz e sen voto, valorarán as solicitudes de acordo cos criterios seguintes:
 - a. Informe de avaliación individual do programa desenvolvido polo/a solicitante



- na UDC, establecendo unha prelación nos programas segundo se recolle no apartado 1.
- b. Acreditacións obtidas polo/a solicitante, no seguinte orden: Profesor/a Titular de Universidade, Profesor/a Contratado/a Doutor/a, Profesor/a Axudante Doutor/a
 - c. Curriculum Vitae do/da solicitante e consideración de necesidades docentes actuais e futuras, de acordo coa previsión de implantación de novas titulacións e a adecuación ás liñas de desenvolvemento dos Campus de Especialización da UDC.

Habílitate á Vicerreitoría de Profesorado e Ordenación Docente para que, en coordinación cos distintos Departamentos, identifique a área de coñecemento na que incluíra cada solicitude garantindo o adecuado encaixe na planificación estratéxica dos mesmos. A devandita adscrición terá necesariamente en conta criterios de necesidades docentes actuais e futuras, así como a previsión de reposición por xubilacións a curto/medio prazo, e poderá ser revisada pola Comisión encargada da resolución.

NOTA ACLARATORIA:

Co fin de non interferir nos distintos programas de estabilización e promoción do PDI, as prazas creadas no marco deste programa específico de captación non contabilizarán no cómputo da capacidade das áreas de coñecemento.

Disposición adicional

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente encargárase de elaborar a prelación de prazas, para isto realizará a correspondente convocatoria e poderá requirir a información que precise das persoas e departamentos afectados, así como dos servizos da UDC. No caso da modalidade B deste programa, a convocatoria deberá especificar a ponderación para cada un dos criterios establecidos.

A Vicerreitoría de Profesorado e Planificación Docente comunicará a todos os departamentos da universidade o resultado da prelación, da que dará conta aos Representantes dos/as traballadores/as e ao Consello de Goberno.